



ANO
INTERNACIONAL
DA LUZ
2015



As luces que guiaron



á humanidade

Mapa para identificar as
constelações máis famosas



O supermercado
onde todo ten sentido

O ceo nocturno

Durante unha noite despexada e sen lúa, dende un enclave afastado das luces das cidades, podemos contemplar o ceo nocturno tachonado por estrelas de diverso brillo.

Aínda que nos pode parecer que son moitas máis, preto de 3.000 resultan visibles a simple vista, se ben a maioría delas son de brillo débil e pouco rechamantes. As estrelas máis destacadas serven como referencias para localizar outras estrelas e obxectos no firmamento e con elas é posible orientarse perfectamente.

As estrelas agrúpanse en conxuntos denominados constelacións. Moitos dos nomes das constelacións proveñen das civilizacións mediterráneas anteriores á época de Xesucristo, asociando a elas deuses, heroes e animais reais e fantásticos cuxos debuxos crían ver no ceo. Máis tarde, no 150 DC o astrónomo grego Ptolomeo enumerou 48 constelacións ben definidas. Nesa época, as constelacións foron moi útiles para a navegación mariña e para as épocas de colleitas e de recollida, ao sinalar a hora de noite e as diferentes estacións do ano.



En tempos máis recentes engadíronse novas constelacións e outras modificáronse ou desapareceron ata que en 1930 a Unión Astronómica Internacional estableceu 88 constelacións ou áreas que recobren todo o ceo como as pezas dun crebacabezas.

A estrela polar

A estrela polar que se encontra na cola da Osa Menor, sitúase a menos dun grao do polo norte celeste. Trátase dunha estrela moito máis brillante que o Sol. En realidade a Polar (ou Polaris) non foi sempre a estrela polar, senón que pouco a pouco o polo celeste se vai trasladando polo ceo, completando un círculo en case 26.000 anos. Dentro de 8.000 anos a estrela polar será Vega, aínda que se encontrará a uns 5° do polo. Este movemento, chamado precesión dos equinoccios, é debido ao balanceo do eixe de rotación terrestre.



Osa Maior

Ursa Maior é unha das máis coñecidas constelacións do hemisferio norte celeste. Está formada por sete estrelas principais que lle dan a súa característica forma de “cazo”. Tamén se coñece popularmente como “O Carro” ou, en Galicia, como “Setestrela”. É extraordinariamente útil saber identificar a Osa Maior para determinar a posición da Estrela Polar, próxima a ela, e que marca o punto cardinal Norte.




Osa Menor

Ursa Minor é unha constelación só visible dende o hemisferio norte que contén entre as súas sete estrelas principais á Estrela Polar (Polaris). A Polaris atópase na prolongación do eixe de rotación da Terra, polo que permanece fixa no ceo e sinalando o Norte xeográfico. A Osa Menor foi unha das 48 constelacións recollidas por Ptolomeo no século II e mantense como unha das 88 constelacións modernas occidentais.



Can Maior


Esta constelación, *Canis Maior*, parece seguir polo ceo a Orión polo que unha das interpretacións mitolóxicas que hai sobre ela a identifica coma un dos cans, junto con *Canis Minor*, do cazador (Orión). Entre as súas 5 estrelas principais atópase Sirio, a estrela máis brillante do ceo nocturno. Moitas culturas dende tempos prehistóricos incorporaron a Sirio á súa mitoloxía e, en particular, foi adorada polos exipcios xa que a súa saída marcaba as inundacións do Nilo.



Orión

Para moitas persoas afeccionadas á Astronomía trátase da constelación máis fermosa do ceo. Coñecida tamén como o Cazador ou a Catedral do Ceo é unha constelación de inverno visible nos

dous hemisferios (no norte de aproximadamente outubro a marzo, e no sur o resto do ano). Contén tres estrelas moi características coñecidas como “O cinturón de Orión” perto do cal atópase unha famosa nube de formación estelar (a Nebulosa de Orión).



Casiopea

Constelación circumpolar boreal (sempre visible por riba dos 34° de latitude norte), das máis doadamente recoñecibles pola súa peculiar forma en M ou W (segundo época do ano e hora de observación) e formada por cinco estrelas principais brillantes. A súa condición circumpolar é de moita utilidade en navegación, especialmente cando non é visible a Osa Maior, para localizar o norte. En mitoloxía Casiopea é a nai da bela Andrómeda, e a esposa do rei de Etiopía, Cefeo.



O Boieiro

O seu nome significa “Pastor de bois”. É unha constelación de primavera-verán do hemisferio norte aínda que tamén é visible dende -50° sur. Contén a Arturo, a terceira estrela máis brillante do ceo nocturno, tras Sirio e Canopus. Arturo é unha estrela xigante de cor laranxa cunhas 25 veces o diámetro solar. O Boieiro foi citado por Homero en A Odisea como un punto celeste de referencia para a navegación.



Cruz do Sur

Trátase da constelación máis pequena entre as 88 constelacións modernas recoñecidas pola Unión Astronómica Internacional. É moi útil en orientación

para os pobos austrais, xa que sinala o polo sur, aínda que aquí non hai unha estrela de posición inmóbil equivalente á Polaris (norte). Preto da constelación atópase a nebulosa de formación estelar “Saco de carbón” e o cúmulo estelar “O Xoieiro”. A Cruz do Sur é tan popular que figura nas bandeiras de países como Australia, Brasil ou Nova Zelandia, entre outros.



O supermercado
onde todo tem sentido



*O supermercado
onde todo ten sentido*

Aquí Ourense

Rúa Dr. Fleming, 30-32
32003 Ourense
Tlf: (34) 988 606 938
fleming@aquie.com

Aquí Porriño

Rúa Pinar, 2 C-D
36400 O Porriño
Tlf: (34) 986 126 084
porrino@aquie.com

Aquí Santiago

Rúa Rep. Arxentina, 2
15701 Santiago
Tel. 881 975 530
horreo@aquie.com